

**ENCONTROS DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL
III XORNADA DA TERRA DE MIRANDA
Riotorto, 25 e 26 de outubro de 2019**

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

Os participantes no Encontro cumprimentaron un cuestionario de avaliación a partir da análise do cal se trata de sintetizar a continuación a valoración global realizada.

1. Asistirías a outro Encontro destas características?

Si – 95 %

Non – 5 %

2. En conxunto, o Encontro respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel:

Moito – 75 %

O agardado – 25 %

3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa en cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?

Moi boa – 50 %

Boa – 50 %

4. A calidade das intervencións dos relatores/as que interviñeron no Encontro considérala:

Moi boa – 60 %

Boa – 40 %

5. Cualifica de 1 (a cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) cada unha das actividades desenvolvidas:

- Panel de experiencias en contornas rurais.- 4.6
- Mesa redonda: as empresas.- 4.7
- Documental: *A chocolateira*.- 4,7
- Mesa redonda: a educación na comarca.- 4.7
- Relatorio: apuntamentos para a historia da educación na Terra de Miranda.- 4.6
- Relatorio: algunhas claves do rural do século XXI.- 4.7
- Mesa redonda: o asociacionismo.- 4.6

6. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceuche:

Moi ben – 45 %

Ben – 45 %

Regular – 10 %

7. A túa opinión sobre a organización xeral do Encontro é:

Moi boa – 75 %

Boa – 25 %

8. Valora, xenericamente, o cumprimento dos obxectivos do Encontro:

Todas as opinións manifestadas son positivas. Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-

- Moi ben.

- Aceptable.
- Ben.
- Cumpridos na súa totalidade.
- 9 sobre 10.
- Ben. Podería ser máis áxil.
- Satisfactorio.
- Moi bo traballo.
- Cumpridos.
- Posta en común e actualización. Posta en valor da comarca.
- Amplamente conseguidos.
- Moi satisfactorio.
- Valoración boa.
- ...

9. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Encontro:

Todas as opinións manifestadas son positivas. Algúns dos comentarios realizados foron os seguintes.-

- Boa.
- Cumpridos.
- Moi satisfactorio.
- Amplamente conseguidos.
- Moi ben preparados. Programa moi completo.
- Cumpríronse todos.
- Moi satisfactorio. Boas intervencións e relatores/as.
- Correcto.
- 9 sobre 10.
- Cumpridos na súa totalidade.
- Ben
- Aceptable.
- Moi ben.
- ...

10. Atrévete a suxerir algunha estratexia de desenvolvemento do rural, e especificamente da Terra de Miranda, desde o ámbito da educación:

De entre as propostas manifestadas.-

- Consello Escolar comarcal da Terra de Miranda.
- Posta en contacto dos escolares co tecido produtivo da comarca.
- Coñecer a nosa historia e saber a onde debemos chegar.
- Valorar a contorna.
- Abrir os centros á contorna (tecido empresarial, oferta cultural e de ocio...).
- Unidade didácticas que favorezan a integración no medio.
- Xenerar, desde as limitacións, os propios recursos.
- Reciclar, reutilizar, desenvolvemento sustentable.
- ...

11. E desde o ámbito empresarial:

De entre as propostas manifestadas.-

- Evitar a contaminación da comarca.
- Optar por vías que afonden nas novas maneiras de traballar (teletraballo, tecnoloxías...).
- Investimentos ligados á comarca.

- Mellora, na medida das posibilidades, das condicións de traballo: conciliación...
- Rede de empresas da Terra de Miranda.
- Protexer o medio e os cidadáns.
- ...

12. E desde o ámbito asociativo:

De entre as propostas manifestadas.-

- Consello comarcal de asociacións e entidades sociais da Terra de Miranda.
- A unión para a consecución de obxectivos comúns.
- Organizar foros de debate centrados na mocidade da comarca.
- Ser máis receptivos.
- Participación cidadá sempre.
- ...

13. E desde calquera outro ámbito:

De entre as propostas manifestadas.-

- Educar para delegar.
- Desde o ámbito político, escoitar as voces dos colectivos de base.
- Educar para respectar a Terra.
- ...

14. Estarías disposto/a a participar nun grupo de traballo estable sobre o desenvolvemento do rural, e especificamente sobre a Terra de Miranda? Sobre que tema?

Un certo número de persoas manifestan a súa predisposición sobre, entre outros asuntos.-

- Obradoiros de formación para todas as idades.
- Ordenación do territorio forestal.
- Temas educativos e formación do profesorado.
- Calquera tema que se suxira sobre a comarca.
- Alimentación.
- ...

15. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir.

De entre os comentarios vertidos.-

- A calidade dos relatores/as foi excelente, superando as miñas expectativas.
- Iniciativa excelente, que continúe.
- Demasiadas actividades para o tempo dispoñible. Imposible debater ao remate de cada intervención.
- Xestión de residuos.
- ...

Desde a perspectiva da Comisión Organizadora, o Encontro cumpriu os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu analizar a realidade do medio rural hoxe, especialmente na comarca da Terra de Miranda, pero tamén albiscar as posibilidades que ese medio ofrece. Desde unha óptica estritamente educativa, en definitiva, o Encontro contribuíu a reflexionar sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o medio próximo á escola, así como sobre as necesidades que a acción educativa presenta nel.